

CONVOCATORIA "Incentivación da Consolidación Investigadora" 2022



AXENCIA GALEGA
DE COÑECEMENTO
EN SAÚDE

Obxectivos

1

Fomentar a consolidación da carreira profesional de persoas investigadoras, nacionais e extranxeiras, para que poidan desenvolver a súa carreira profesional dentro do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e de Innovación (SECTI), incentivando a creación de prazas de carácter permanente nas institucións de adscrición.

2

Facilitar o comezo ou o afianzamento dunha liña de investigación mediante o financiamento dun proxecto de I+D+i.

3

Facilitar a adecuación e renovación dos espazos e laboratorios e a mellora do equipamento necesarios para a execución do proxecto.

**"Incentivación da
Consolidación
Investigadora" 2022**

Características das actuacións



**As actuacións
realizaranse de
forma individual
e un único
beneficiario**



**Poderán
presentarse
solicitudes a
calquera das
áreas e sub-
áreas temáticas
da AEI**



**Duración das
actuacións:
2 anos**




**Orzamento:
O financiamento
en ningún caso
será superior a
200.000 € por
actuación en
custos totais**

Actividades financiables

"Incentivación da
Consolidación
Investigadora" 2022

- **O incentivo para a creación e cobertura dunha praza permanente na área de coñecemento do/da IP da actuación**
As prazas de carácter permanente deberán responder a unha relación funcional ou laboral, de carácter indefinido ou fixo e con xornada a tempo completo.
- **Execución dun proxecto propio de I+D+i liderado polo/la IP da actuación.**
O proxecto deberá achegar elementos novidosos e non ser unha mera continuación da investigación desenvolvida polo grupo de acollida.
- **Adecuación de espazos, renovación de laboratorio e similares, necesarios para o comezo ou o afianzamento da liña de investigación do/da IP da actuación.**



Entidades Beneficiarias

"Incentivación da Consolidación Investigadora" 2022

- a) **Organismos públicos de investigación.**
- b) **Entidades e institucións sanitarias públicas e privadas sen ánimo de lucro**, vinculadas ou concertadas co SNS, que desenvolvan actividades de I+D+i.
- c) **Institutos de investigación sanitaria acreditados.**
- d) **Universidades públicas, os seus institutos universitarios, e as universidades privadas con capacidade e actividade demostrada en I+D+i.**
- e) **Centros Tecnolóxicos de ámbito estatal e Centros de Apoio á Innovación Tecnolóxica de ámbito estatal** que estean inscritos no rexistro de centros.
- f) **Outros centros públicos de I+D+i, con personalidade xurídica propia**, que nos seus estatutos ou no seu obxecto social ou na normativa que os regule, teñan a I+D+i como actividade principal.
- g) **Centros privados de I+D+i**, sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia, que teñan definida nos seus estatutos ou no seu obxecto social ou na normativa que os regule, a I+D+i como actividade principal.
- h) **Centros e institucións integradas na Comisión Coordinadora de Investigación Agraria ou alimentaria INIA-CAA.**



Características do proxecto e IP:

"Incentivación da Consolidación Investigadora" 2022

- **Os proxectos I+D+i financiados no marco desta actuación serán liderados por unha persoa que actuará como investigador/a principal e será responsable dos obxectivos e tarefas do proxecto.**
- **Nestos proxectos non existe grupo de investigación nin grupo de traballo.**
- **REQUISITOS DO/DA IP (I) Titulación: Grao de doutor/a**
- **ACTIVIDADE CIENTÍFICA DO/DA IP:**
 - ✓ Ter superado favorablemente a avaliación da súa actividade investigadora conforme aos criterios R3, ou
 - ✓ Estar en posesión do certificado I3 independentemente da data de emisión, ou
 - ✓ Ter comezado os trámites para obter a avaliación/certificado favorable I3 que lles permita a súa obtención na data na que se publique a proposta de resolución provisional.

Requisitos do/da IP - vinculación :

- **Durante o período de execución da actuación será necesaria a vinculación do/da IP coa entidade solicitante, a través dunha relación funcional, laboral.**
- **Vinculación permanente na entidade solicitante. A data efectiva de incorporación ao posto mediante nomeamento ou contrato deberá ser posterior ao 22 de decembro de 2021 e non poderá ter desfrutado anteriormente doutro posto permanente nalgunha entidade das recollidas no artigo 5.**

Requisitos do/da IP -réxime de participación e compatibilidade:-

- **Unicamente se poderá figurar como IP nunha solicitude desta convocatoria.**
- **Non haberá incompatibilidade coa participación en proxectos que teñan obtido financiación de convocatorias de proxectos dos Plans Estatais de Investigación Científica e Técnica e de Innovación, do VII PM de I+D+i, de H2020 e Horizonte Europa, dos Plans Rexionais de I+D+i das CCAA, ou de calquera outra convocatoria, sempre e cando se respecte o límite máximo de oras/ano para cada categoría profesional establecido no convenio laboral ou equivalente da entidade do/da IP.**
- **No caso de investigadores/as que teñan sido contratados ao abeiro dunha axuda do Programa Ramón e Cajal, será incompatible a súa participación como IP nesta convocatoria se a entidade beneficiaria de dita axuda tivese percibido a dotación para a creación de postos de **traballo de carácter permanente** concedida no marco de dito programa.**

Conceptos financiables

"Incentivación da
Consolidación
Investigadora" 2022

Incentivo á consolidación.

Cantidade destinada a incentivar a creación e cobertura dunha praza permanente na área de coñecemento do/da IP, durante o período de execución da axuda, e que non poderá superar o 100 % do custo salarial de dita praza permanente correspondente a unha anualidade.

Se a cobertura da praza permanente se produce antes do comezo do período de execución da axuda, non será elexible o gasto por este concepto.



Custos de execución do proxecto de I+D+i

Custos de establecemento e/ou mellora de instalacións e equipos. Gastos destinados á adecuación de espazos, renovación de laboratorio e mellora do equipamento, necesarios para o comezo ou o afianzamento da liña de investigación do/da IP da actuación. Este custo non poderá superar o 30 % do importe xustificado como custo de execución do proxecto de I+D+i.

Custos elexibles

**"Incentivación da
Consolidación
Investigadora" 2022**



- Custos de Persoal.
- Custos de mobilidade: Custos de viaxe, dietas, seguros ou visados.
- Custos de inmovilizado material: Adquisición, aluguer ou arrendamento de equipamento científico-técnico; montaxe, transporte, mantemento, reparación.
- Custos de adquisición de material funxible.
- Custos de adquisición de activos inmateriais, incluíndo programas de ordenador de carácter técnico.
- Custos de uso de bancos de datos, uso e xestión de repositorios de datos de investigación e bibliotecas técnicas.
- Custos de computación.
- Custos de utilización dos servizos centrais do organismo.
- Custos de publicación e difusión de resultados, inscricións en congresos, seminarios, conferencias e xornadas técnicas.
- Custos de aluguer de salas, tradución, organización de conferencias, etc.
- Custos de solicitude de dereitos de propiedade, asesoramento, internacionalización, etc.

Custos NON elexibles

"Incentivación da
Consolidación
Investigadora" 2022



- Custos de contratación do/da IP.
- ✓ Bolsas de Formación.
- ✓ Custos derivados de contratos que estean subvencionados por convocatorias do Programa Estatal para Desenvolver, Atraer e Reter Talento ou programas similares ou ben por outras convocatorias cofinanciadas con FEDER ou FSE.
- ✓ Custos de persoal realizados con anterioridade á data de comezo da actuación.
- ✓ Custos de material de oficina e funxible informático.
- ✓ IVE ou outros impostos indirectos análogos.

Calquera outro gasto que non corresponda de maneira indubitada á natureza da actividade que se financia ou que non resulte estrictamente necesario para a consecución dos obxectivos descritos na memoria

**"Incentivación da
Consolidación
Investigadora" 2022**

Prazos presentación solicitudes :

Dende o 3 de novembro de 2022 ata o 24 de novembro de 2022 ás 14:00 horas (hora peninsular española).